CARTA ABERTA Á SEÑORA MINISTRA DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL E MARIÑO

Sra. Ministra de Medio Ambiente:

As organizacións abaixo asinantes escribímoslle para lle pór ao tanto da situación na que se atopa o proxecto da ampliación do aeroporto de Alvedro, así como as consecuencias que tería na Ría do Burgo e en toda a comarca da Coruña.

En primeiro lugar comentarlle que súas declaracións e actuacións nos seus primeiros días no Ministerio déronnos azos na nosa loita por preservar o medio ambiente, e esperanzas de que se lle empece a dar a importancia que se merece ao noso entorno. Por iso, gustaríanos pedirlle que revisara o documento de declaración de impacto ambiental do proxecto Ampliación da pista do aeroporto de A Coruña publicada no BOE o 4 de outubro de 2010, cando vostede aínda non ostentaba o cargo de ministra.

Se le o documento atopará algúns puntos que lle chamarán profundamente a atención, e que intentaremos resumirlle aquí de xeito breve. Nese estudio poderá ler como o seu ministerio tivo que pedirlle ata tres veces a xustificación da necesidade do proxecto ao promotor do proxecto, AENA; pediulla por primeira vez o 24 de febreiro de 2010, a segunda vez o 5 de marzo del 2010, e volveulla pedir o 25 de maio. Nós preguntámonos como é posible que sexa tan difícil de xustificar un proxecto supostamente tan necesario e que precisa de semellante desembolso económico para ser levado a cabo, e como se a necesidade non é tan clara hai tanto interese en levar a cabo un proxecto cunhas consecuencias socias, medio ambientais e culturais tan profundas, tal e como se recoñece dende o propio Ministerio de Fomento.

Por outro lado, no documento ignórase a alegación feita polo Concello de Culleredo para que se teña en conta a chegada do tren de Alta Velocidade a cidade da Coruña no 2014, o que faría irreais as previsións de tráfico aéreo que manexa o promotor, xa que en todas as cidades nas que xa chegou o AVE este tráfico viuse reducido en arredor dun 50 %. Tamén poderá observar que a solución de descartar a alternativa cero en base á suposta necesidade de voos transoceánicos, que se da por boa no DIA, non ten moita credibilidade se se ten en conta que xa hai un aeroporto como o de Santiago de Compostela, a menos de media hora e mellor situado, con capacidade abondo para absorber todos os voos transoceánicos que fora capaz de xerar Galicia.

Por último, sinalar a necesidade de protexer a ría do Burgo, que como se recoñece no Dia veríase moi afectada pola obra de ampliación do aeroporto e tería consecuencias catastróficas para os bancos marisqueiros desta ría e o seu entorno natural. Se tivo vostede algunha vez a ocasión de visitar Galicia de seguro tivo ocasión de observar a beleza de todas e cada unha das nosas rías. Estas rías son fenómenos xeolóxicos moi especiais que en Europa só ocorren en sitios como Irlanda ou Bretaña. Nós creemos que esta singularidade as fai merecedoras dun especial coidado por parte do seu Ministerio, xa que non só teñen a capacidade de atraer turistas pola súa beleza, senón que ademais son capaces de xerar empregos e progreso grazas a súa riqueza biolóxica, entre a que se atopa os seus bancos marisqueiros. Pensamos que o seu ministerio, que ten entre as súas metas preservar o Medio Ambiente, debería formular medidas para cumprir a Normativa do marco da Auga no 2015 en vez de fomentar a contaminación das masas de augas costeiras firmando a sentenza de morte desta ría e con ela a posta en perigo de 160 postos de traballos directamente dependentes do marisqueo na contorna da Coruña.

Analizando os anteriores parágrafos comprenderá que non atopemos explicación a que o seu Ministerio aprobara o documento de declaración de Impacto Ambiental dun proxecto con tantos punto escuros e que isto nos leve a pensar que hai intereses ocultos que están prevalecendo sobre a lóxica, o medio ambiente, a cultura e os intereses económicos reais de toda unha comarca. Por iso apelamos a súa ética, sentido común e crédito como servidora pública para que, por encima dos intereses de todo tipo, xa sexan localistas, económicos ou políticos, faga que se revise o documento de declaración de impacto ambiental do que lle falamos nesta carta, e tome as medidas oportunas para impedir que siga adiante a ampliación do aeroporto de Alvedro polos motivos expostos.

Sen máis despedímonos non sen antes agradecerlle o seu tempo.

Reciba un cordial saúdo.

A Coruña, a 10 de decembro de 2010.

Asociación Ecoloxista ADEGA, con CIF G15044811.

ADEGA

Asociación de Veciños O Noso Burgo, con CIF G15907165.

ASOCIACION DE VECIÑOS
O NOSO BURGO
G - 15907165

Asociación de Veciños Afectados polá Ampliación do Aeroporto de Alvedro, con CIF

G- 70214333

A. V. N. A.
Asociación de Vecinos afectados
por la Ampliación del Aeropuerto
de Alvedro (Culleredo)
CIF. G-70214333